

Estimados/as pais/nais:

Diríxome a vostede para informarlle sobre as probas homologadas ás que debe presentarse o alumnado do Plan Cuale (A2 / B1) se desexan obter a certificación do nivel **básico ou intermedio**.

O alumnado procedente dos cursos CUALE 2023/24 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das **convocatorias ordinaria e extraordinaria** para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e **non terá que aboar prezos públicos** polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico.

Se se considera que algún/a alumno/a CUALE poidera optar ao nivel inmediatamente superior ao que este inscrito/a, poderíase de xeito extraordinario, matricular no nivel inmediatamente superior nas probas de certificación das EOI.

DATAS DAS PROBAS: Serán fixadas próximamente.

ALUMNADO CON DIVERSIDADE FUNCIONAL: Deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa da discapacidade e solicitar unha adaptación da proba cubrindo o formulario facilitado pola EOI (anexo III da instrucción 1/2024 da D.X. de Formación Profesional pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial para o curso 2023/2024)

MATRÍCULA: A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/> [EOI A Coruña - Sección Cee](#)

Prazo de matrícula: do 8 ao 12 de abril de 2024. A aplicación web permanecerá aberta ata as 23:59 do 12 de abril.

Documentación:

Para formalizar a matrícula, o alumnado deberá presentar, a través da aplicación web, a seguinte documentación:

- Unha **fotocopia do DNI**

A documentación presentarase dende a ligazon: <https://informaticacentros.com/xunta/>

INFORMACIÓN: IES Fernando Blanco: Tlf: 881 880 467 - ies.fernando.blanco@edu.xunta.gal

EOI de Cee: 629 305 739

Esperando que esta información sexa do seu interese, reciban un cordial saúdo.

Cee, 5 de abril de 2024

Fernando Blanco